



CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

BASES CONCURSO DESFILE DE COMPARSAS, ENTROIDO 2024

1.- Poden participar no concurso desfile todas as persoas que o desexen, tanto deste Concello coma doutros, sempre e cando se acollan as dúas modalidades de participación estipuladas:

1.1 Modalidade comparsa, integrada alomenos por dez membros.

1.2.- Modalidade disfrace individual, que como máximo agrupará tres membros por disfrace.

2.- O Xurado cualificador do concurso estará composto por tantos membros coma comparsas e disfraces participen no desfile. Cada comparsa ou disfrace individual participante nomeará un representante para formar parte do xurado. Os integrantes do xurado despois de asistir ao desfile, valorarán a cada comparsa menos á que representa.

3.- Segundo cada modalidade, establécense os seguintes premios:

3.1 .- Para a modalidade de comparsa os premios serán os seguintes:

- * Un primeiro premio de 600 €
- * Un segundo premio de 300 €
- * Un terceiro premio de 200 €
- * O resto das comparsas participantes recibirán 100 €.

3.2 .- Para a modalidade de disfrace individual os premios serán os seguintes:

- * Un único premio ao mellor disfrace dotado con 60,00€.

4.- Valorarase a orixinalidade dos disfraces, a coreografía, a escenografía, elaboración de vestuario e a elaboración de carroza.

6.- Todos os premios estarán suxeitos ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

7.- As inscricións para participar no desfile faranse na Casa da Cultura, ata o día 7 de febreiro ás 15:00 h ou no Rexistro do Concello de Quiroga presentando a seguinte documentación:

- Modelo de solicitude de inscrición (anexo I).
- DNI/ CIF do representante.
- Certificados da conta bancaria onde se realizará o pago dos premios, mediante transferencia.
- Folla de firmas dos membros da comparsa ou disfrace, cuberta e completa segundo modelo (anexo II)

8.- A saída do desfile terá lugar o día 11 de febreiro, ás 17:00 h, da Rúa Piscinas para percorrer a Rúa Real ata o Concello onde rematará.

9.- A entrega de premios terá lugar, na Rúa Real, diante do Concello ao remate do desfile.

10.- A participación no Concurso supón a aceptación das presentes bases.”